



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria ordinaria do 5 de abril do 2023, adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos), para a execución das actuacións contempladas na memoria de Alcaldía incorporada ó expediente, expediente PLN/2023/4, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, polo importe total de 30.000,00 euros.

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, o antedito acordo entenderase definitivamente adoptado.

Baleira, abril do 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1076

BEGONTE

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO - PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

Por Resolución desta Alcaldía de data 11 de abril de 2023, aprobáronse as bases que rexerán a selección en réxime laboral temporal, polo prazo de (6) meses e una xornada do 100% - mediante concurso - oposición, de 6 postos de Peón de Obra Pública para a Brigada Municipal de Obras e Servizos, ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Provincial de Cooperación cos Concellos de 2023.

As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 11 de abril de 2.023.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1077

FOZ

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 1/2023, Modalidade "Suplemento de Crédito 1/2023".

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 30/03/2023, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 1/2023.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei

reguladora das facendas locais, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, contra o que poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Foz, 10 de abril de 2023.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 1072

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data **31 de marzo DE 2023**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **MARZO DE 2023** por importe de **1023,55 EUROS (MIL VINTA E TRES CON CINCUENTA E CINCO EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 31 DE MARZO DE 2023.- A Alcadesa – Presidente, Rocío López García.

R. 1078

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na sesión ordinaria celebrada o día 10 de abril de 2023 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de catro (4) peóns de servizos múltiples en réxime de laboral temporal, polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concello 2023, programa de Reforzo do Emprego.

De acordo coa Base 5ª das que rexen o procedemento selectivo, faise público dito proceso selectivo mediante anuncio da convocatoria no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de **dez (10) días naturais** para a presentación das instancias dende a publicación deste anuncio no BOP.

Meira, 10 de abril de 2023.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1073

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Acordada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte de marzo de dous mil vinte e tres a modificación da Ordenanza Fiscal que se relaciona a continuación:

- Número 2.05ª reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo.

Faise público por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándose definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito prazo.

A Pobra do Brollón, 11 de abril de 2023.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1079

RÁBADE

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía con data 3 de abril do 2023, o Padrón de Vados correspondente ó exercicio de 2023, por importe de 4.910,00 €, expónse ó público por prazo de vinte días, contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP a efectos de exame e reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido o devandito prazo non se formularan reclamacións contra o mesmo.

Así mesmo acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario o mes de maio do 2023. Aos contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sin que se efectuaran os pagamentos correspondentes, iniciárase o período de constrinximento, cos recargos e xuros que establece a lexislación tributaria aplicable.

Rábade, 3 de abril do 2023.- O ALCALDE, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1074

Anuncio

Por resolución do Alcalde do Concello de Rábade de data **10 de abril** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de marzo de 2023**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, a 10 de abril de 2023.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1075

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.04.2023, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo de vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **MARZO/2023**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos,05 de abril de 2023.- O ALCALDE PRESIDENTE, Julio Gallego Moure.

R. 1080

TRIACASTELA

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía do 10/04/2023, aprobáronse as bases xerais que rexerán o proceso selectivo para a contratación de un tractorista por un período de seis meses.

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na sede electrónica (<https://triacastela.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Triacastela, sita na Pr. Deputación, 1 27630 Triacastela).

Triacastela, 10 de abril de 2023.- M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1081

XERMADE

Anuncio

Asunto: convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de administrativo/a do Concello de Xermade

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 12/04/2023, aprobou as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de administrativo/a, que se transcriben literalmente:

“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A POR PROMOCIÓN INTERNA, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2023.

PRIMEIRA.- OBXECTO E PREVISIÓNS XERAI

1. As presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, mediante funcionarios de carreira, de dúas prazas de administrativo que figuran como vacantes na Relación de postos de traballo do Concello de Xermade, previstas para a súa cobertura por quenda de promoción interna, na súa oferta de emprego público do ano 2023 (BOP nº 066, de 21 de marzo de 2023 e DOG n.º 064 do 31 de marzo de 2023).

2. Esta convocatoria e proceso selectivo de promoción interna desenvolverase na modalidade de promoción interna vertical, segundo o definido ao efecto no artigo 16.3 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante TRLEBEP), artigo 75 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (en adiante LEPG).

3. O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, que se desenvolverá de conformidade co previsto nas presentes bases.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DAS VACANTES CONVOCADAS.

Clase de persoal.- Funcionario de carreira

Denominación: administrativo

Clasificación: Grupo C, subgrupo C1, nivel 18

Complemento específico anual (2023): 5.000,00€

Funcións: As correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal ou instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherentes.

Retribucións: As básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias fixadas, para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole variable ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS ASPIRANTES.

Para poder tomar parte na presente convocatoria, as aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- Ser funcionario de carreira da Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar, do Concello de de Xermade, que á entrada en vigor da Lei 7/2007, de 12 de abril, estivera no Concello desempeñando funcións de persoal funcionario, ou pasara a desempeñalas en virtude de probas selectivas ou de promoción convocadas antes de dita data (DT 2ª TREBEP). En ambos casos requirirase ter prestados servizos en ditas clases por un período mínimo de cinco anos, nos termos que establece o Real Decreto Lexislativo 781/86, no seu artigo 169.2.b) tomando como referencia a data de inicio do prazo para a presentación das solicitudes.
- Atoparse en situación de activo no Concello de Xermade na data de inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión do título de bacharelato, técnico de formación profesional ou equivalente. Poderán participar, igualmente, aquel persoal funcionario que, carecendo desta titulación, posúan unha antigüidade de 10 anos no subgrupo C2 ou de 5 anos e acreditación da superación dun curso específico de formación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Requisitos lingüísticos: posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga IV, equivalente ou superior.
Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
- Aboar os dereitos de exame correspondentes, que serían os propios dun grupo profesional C1, e ascenderán a 21,00 euros (Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, BOP n.º 058 do 12/03/2021).

O pagamento da taxa farase efectivo mediante ingreso na seguinte conta bancaria do Concello de Xermade: ES53 2080 0141 4831 1000 0029.

Indicarase o nome e apelidos, DNI e proceso selectivo ao que corresponde o pagamento da taxa.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo presentaranse, conforme ao modelo que figura como ANEXO I das presentes bases, no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 09:00 h. a 14:00 h.), e no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da respectiva convocatoria no BOE. Igualmente, as ditas solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunto coa dita instancia, os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade do aspirante.

- Certificación acreditativa de reunir os requisitos sinalados nos apartados a) e b) da base terceira, emitida pola secretaría municipal ou funcionario municipal competente ao efecto.
- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, mediante folla de autoliquidación de taxas ou documento igualmente xustificativo de telas aboadas
- As persoas aspirantes que, con arranxo ao disposto no artigo 54 da LEPG desexen manifestar e facer valer a súa condición legal de discapacidade e, por tal motivo, solicitar as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios que sexan necesarios para a realización do proceso selectivo, deberano facer constar, no seu caso, na instancia de participación, xunto cos necesidades específicas alegadas para desenvolver o proceso de selección. E deberán acreditar a dita condición de discapacidade (mediante certificación expedida polos órganos competentes estatais ou, no seu caso, autonómicos), así como a compatibilidade desta co desempeño das tarefas e funcións propias da vacante convocada (ben porque así conste na antedita certificación ou, de non ser así, e complementariamente, mediante informe técnico facultativo oficial). Para os efectos do antedito, e con arranxo ao disposto no apartado b) da disposición adicional primeira da LEPG, considerarase persoa con discapacidade aquela á que se lle teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento (ou aqueloutra situación análoga segundo a normativa vixente ao efecto).
- Relación dos méritos alegados para a súa valoración na fase concurso, xunto coa documentación acreditativa dos mesmos, e presentados con arranxo a orde que se fixa base novena. Á dita relación de méritos acompañaranse os documentos acreditativos dos mesmos.

QUINTA.- PUBLICIDADE

A convocatoria, xunto co texto íntegro da bases reguladoras, serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Ademais, tamén se realizará, posteriormente, un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e, por último, no Boletín Oficial do Estado (BOE), que abrirá o prazo formal de presentación de solicitudes por parte das interesadas; debendo contar, ambos, cunha referencia á publicación previamente realizada no BOP.

Os restantes e sucesivos anuncios derivados destas convocatoria e proceso selectivo, así como das actuacións do Tribunal, inseriranse unicamente na sede electrónica municipal.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía aprobará a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos que se fará pública no BOP, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>). Na dita resolución indicaranse as persoas aspirantes inicialmente admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión.

Na resolución pola que se se aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, e o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo. Todo iso con adecuación, en todo caso, ás previsións normativas aplicables ao respecto do dereito de acceso á información pública e a protección de datos de carácter persoal.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal adecuarase na súa composición aos criterios de imparcialidade, profesionalidade e paridade, así como aos restantes requisitos de funcionamento previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia ou, no seu caso, aqueloutras disposicións normativas aplicables). Estará conformado polos integrantes sinalados a continuación, (dos que se deberá nomear, en todo caso, titulares e suplentes), cuxa designación nominativa concreta realizarase, polo órgano convocante, trala resolución de aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

1. Presidente/a: Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.
2. Tres vogais, a desempeñar tres funcionarios de carreira ou laborais fixos que cumpran cos criterios sinalados no parágrafo anterior.
3. Secretario/a (con voz e voto): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario De tódalas reunións que celebre o tribunal o secretario redactará a correspondente acta.

Os membros e asesores do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorran algunha das circunstancias e motivos previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas; e todo iso de conformidade ao previsto, no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aqueloutras previsións normativas concordantes vixentes ao respecto. Os aspirantes poderán recusar aos membros ou asesores do tribunal cando concorran as mesmas circunstancias de abstención anteditas, e de conformidade ao previsto no artigo 24 da Lei 40/2015.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas cuestións que se susciten ao respecto da aplicación ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recabando, no seu caso, a emisión de informe ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas ou profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante ou substitutiva).

En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados do sector público.

OITAVA.- CONTIDO DOS PROGRAMAS E EXENCIÓN DE MATERIAS.

A) CONTIDO DOS PROGRAMAS.

Conforme o artigo 8 do R.D. 896/91, de 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, os programas dos exercicios teóricos conterán materias comúns e materias específicas conforme se determinen nas bases específicas.

GRUPO/SUBGRUPO	Nº TEMAS MÍNIMOS
A/A1	90
A/A2	60
B	50
C/C1	40
C/C2	20

B) EXENCIÓN DE MATERIAS.

Con fundamento no sinalado no artigo 80.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como no establecido no artigo 77 do RD 364/95, de 10 de marzo, establécese a exención, total ou parcial, das probas sobre aquelas materias cuxo coñecemento se acreditara suficientemente nas probas de ingreso ao Corpo ou Escala de orixe.

Consta no expediente o programa de acceso ás prazas de auxiliar administrativo, escala de administración xeral, subescala auxiliar, do cadro de persoal funcionario do Concello de Xermade, publicado no BOP n.º 189 o 18 de agosto de 2010, formado por un total de 20 temas (4 temas de materias comúns e 16 temas de materias específicas).

NOVENA.- SISTEMA SELECTIVO. CONCURSO-OPOSICIÓN

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, no que a fase de concurso precederá á de oposición e non terá, en ningún caso, carácter eliminatorio.

1. FASE DE CONCURSO

A fase de concurso poderá supoñer, como máximo, un total de 40 puntos.

A fase de concurso, que se realizará con carácter previo á fase de oposición, consistirá na valoración dos méritos alegados e adecuadamente acreditados polas persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo, con arranxo aos criterios sinalados nas presentes bases.

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio, e sumarase á obtida na fase de oposición, sempre que as persoas aspirantes a tivesen superado; determinándose, así, a puntuación final.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazos sinalados nas presentes bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, serán considerados como méritos e documentación achegada fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración ou documentación adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos méritos diferentes das previstas nestas bases.

Os méritos alegados e adecuadamente acreditados polas persoas aspirantes valoraranse con referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de participación.

O resultado da fase de concurso farase público mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica, antes de iniciarse a fase de oposición. Igualmente, en dito anuncio tamén se indicará a data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición ou, no seu defecto, indicaranse os medios polos que será anunciada a dita celebración. Os aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso, para formular alegacións ou reclamacións; que serán obxecto de estudo e estimación ou desestimación por parte do Tribunal, que adoptará acordo ao respecto e coas puntuacións definitivas, sendo obxecto de publicación na mesma forma antedita.

Serán obxecto de valoración os méritos sinalados a continuación, xunto co sistema aplicado ao efecto:

a) A experiencia profesional, ata un máximo de 20 puntos, e con arranxo aos criterios seguintes:

Por cada mes completo de servizos prestados no Concello de Xermade en praza, posto ou categoría profesional de auxiliar administrativo, e pertencente ao grupo profesional C2, ou equivalente; como funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, 0,15 puntos.

Non se terán en conta fraccións de tempo inferiores ao mes.

Nos supostos en que á vista da documentación acreditativa achegada polos aspirantes puideran existir dúbidas sobre a equivalencia coa vacante convocada das prazas, postos ou categorías respecto das que se alegue a experiencia, o Tribunal, poderá requirir a documentación complementaria que estime necesaria.

No caso de prazas, postos, categorías que teñan sido obxecto de previa reclasificación profesional, mediante procedementos legalmente establecidos, tomarase en consideración o grupo/subgrupo profesional formalmente recoñecido na data de apertura do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo; e, polo tanto, tódolos servizos prestados e acreditados valoraranse como desempeñados no último grupo/subgrupo de clasificación profesional.

En ningún caso se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados.

Forma de acreditación documental dos servizos prestados: mediante certificación de servizos prestados emitida pola secretaría municipal ou funcionario municipal competente ao efecto.

b) A formación relacionada, ata un máximo de 18 puntos e con arranxo aos criterios seguintes:

Serán obxecto de valoración os cursos e accións de formación específica, perfeccionamento ou especialización que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións ou competencias profesionais da vacante convocada ou, no caso de dúbida, co temario da fase de oposición, sempre que contén con homologación ou recoñecemento oficial (entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes das mesmas ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos). Dentro dos cursos e accións de formación anteditos non se incluírán as titulacións académicas mínimas esixidas para o acceso a cada un dos distintos grupos/subgrupos de clasificación profesional (segundo o fixado no artigo 76 do TRLEBEP, ou sistema equivalente aplicable ao persoal laboral municipal).

Tendo en conta o antes exposto, a valoración da formación realizarase por valor da hora de formación. Así, cada hora de asistencia a cursos ou accións de formación acreditada outorga 0,10 puntos.

Forma de acreditación documental destes méritos: título ou certificación expedidos pola entidade ou organismo que teña impartido ou sexa responsable da actividade formativa e acreditativos de ter realizado o curso ou a acción formativa alegado, no que deberá constar e quedar acreditado, ademais, a data de realización, a súa duración (en horas ou créditos), o seu obxecto, e a súa homologación ou recoñecemento pola Administración Pública correspondente (a dita homologación ou recoñecemento poderá acreditarse tamén, no seu caso, mediante certificación ou documento acreditativo específico).

De non terse acreditado os extremos anteditos, segundo a forma sinalada, a formación alegada non será obxecto de valoración.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

Non se terán en conta outras formas de acreditación deste mérito diferentes das anteditas.

c) Coñecemento do galego (puntuación máxima: 1 punto, valorándose unicamente o de maior puntuación):

- Curso de linguaxe administrativa galega, nivel medio: 0,75 puntos

- Curso de linguaxe administrativa galega, nivel superior: 1 punto

d) Exercicio dereitos de conciliación, ata un máximo total de 1 punto.

En cumprimento do artigo 51 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establecerase a favor dos candidatos e candidatas, homes e mulleres, por estar utilizando ou ter utilizado, nos últimos 5 anos

anteriores á publicación da convocatoria específica no BOP dereitos de conciliación familiar, ata un máximo de 1 punto, nos seguintes termos:

- Permiso por parto, adopción ou acollemento (artigos 121 e 122 da LEPG): 0,2 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo (artigo 124 da LEPG): 0,2 puntos.
- Redución de xornada por motivos familiares (artigo 106.2 a) e b) da LEPG): 0,02 puntos/mes.
- Excedencia por coidado de familiares (artigo 176 LEPG): 0,02 puntos/mes.

Os meses serán computados por días naturais (30 días).

2.- FASE DE OPOSICIÓN.

A fase de oposición poderá supoñer, como máximo, un total de 60 puntos.

A fase de oposición consistirá no desenvolvemento dos exercicios sinalados a continuación, coa finalidade de avaliar e cualificar a capacidade das persoas aspirantes, e cuxo contido gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais da praza obxecto de convocatoria.

2.1. Primeiro exercicio.

O exercicio da fase de oposición será de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

As persoas aspirantes convocaranse para o exercicio da fase de oposición en chamamento único, a través da páxina web municipal, indicando a data, lugar e hora de realización; sendo excluídas dos mesmos e, polo tanto, do proceso selectivo, as que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecional e potestativamente polo tribunal. En todo caso, as causas ou razóns xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

No suposto de sexa preciso establecer unha orde de actuación ou chamamento dos aspirantes, esta determinarase con anterioridade ao inicio do exercicio, mediante un único sorteo celebrado logo de anuncio previo no BOP. O resultado do sorteo tamén se publicará no BOP.

As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous (2) días hábiles seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación. O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente.

As persoas aspirantes deberán acudir ao chamamento provistas do seu DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente. Non se lle permitirá a utilización do móbil, nin de calquera outro medio electrónico nin material, agás aqueles expresamente requiridos ou permitidos por estas bases ou que, no seu caso, e por acordo expreso do Tribunal, se indiquen xunto co chamamento previo para cada proba.

O exercicio ou probas terán lugar a porta pechada, sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, os asesores ou colaboradores designados polo tribunal e os aspirantes.

O contido do exercicios deberá ser fixado polo tribunal antes da realización dos mesmos; e deberá incluír, en todo caso, preguntas de reserva para aquelas que puidesen ser anuladas (as preguntas de reserva utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto).

Corresponderá ao tribunal fixar o grao de coñecementos ou acertos necesarios para acadar a cualificación mínima requirida para a superación dos exercicios; en todo caso, o nivel de coñecemento fixado polo tribunal deberá garantir a idoneidade e capacidade das persoas aspirantes. Os criterios para a corrección e cualificación dos exercicios deberán ser fixados polo Tribunal con anterioridade, de forma clara e con adecuación ao previsto nas presentes bases.

O tribunal deberá aplicar as medidas que garantan que a corrección dos exercicios se realice preservando o anonimato dos candidatos.

As cualificacións resultantes da corrección dos diferentes exercicios da fase de oposición faranse públicas, por parte do Tribunal, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. Os aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións ou alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación. As ditas reclamacións serán obxecto de estudo e estimación ou desestimación por parte do Tribunal, que adoptará acordo ao respecto e coas puntuacións definitivas, sendo obxecto de publicación na mesma forma antedita.

Exercicio: este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de noventa (90) minutos, dun cuestionario de 60 preguntas con 3

respostas alternativas, das que só unha será a correcta, e 5 preguntas de reserva, e que gardarán relación coas materias e contidos comprendidos polo temario que figura no anexo II.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que fosen anuladas polo Tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo.

A proba cualificarase de 0 a 60 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 30 puntos para superalo. Cada resposta correcta terá unha puntuación de 1,00 punto e as respostas incorrectas e en branco non restarán.

2.2. Segundo exercicio: proba de coñecemento da lingua galega.

Consistirá en traducir, nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego, e outro de galego a castelán, propostos polo Tribunal.

Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga IV, equivalente ou superior, conforme ao recollido na base 2.^a.

Os resultados obtidos por cada aspirante en cada exercicio se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Concederase un prazo de cinco (5) días hábiles aos efectos de alegacións a contar desde a sinalada publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

3. CUALIFICACIÓN FINAL.

A puntuación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fase de concurso e na de oposición (sempre que se teña superado esta última).

No caso de empate na puntuación total terase en conta, primeiramente, a puntuación obtida na fase de oposición e, de non desfacerse así o empate, acudirase á puntuación acadada na fase de concurso.

En caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que se deriven da oferta de emprego público do ano en curso. Nos apelidos compostos coa preposición de, da, de la, d'... a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será a "C").

De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

DÉCIMA.- FINALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello) a relación e puntuación final total dos candidatos que teñan superado todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición, propoñendo, ademais, a contratación como funcionarios para a ocupación das vacantes convocadas daqueles aspirantes que acadaran a maior puntuación (ou que, en caso de empate e trala aplicación do sistema de desempate sinalado na base anterior, resultara o primeiro).

En todo caso, para a superación do proceso selectivo e, polo tanto, optar á cobertura das vacantes convocadas, os aspirantes deberán ter superado todos os exercicios da oposición que lle resultan obrigados; de non ser así, e non existir ningún aspirante que teña superado o proceso selectivo, poderase declarar deserta. E non se poderán propoñer para a súa selección e contratación a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

Dita proposta elevarase á Alcaldía para que, con arranxo ás competencias recoñecidas ao efecto, proceda a resolver a súa contratación e incorporación.

Na proposta do Tribunal tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada no concurso-oposición, daqueles aspirantes que, aínda que non teñan sido propostos para a selección e contratación, tiveran superado todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición; á que se acudirá, segundo a prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, para os supostos de imposibilidade da contratación e incorporación dos aspirantes inicialmente proposto para a cobertura das vacantes convocadas.

Os aspirantes que resultaren aprobados serán nomeados funcionarios de carreira, administrativos, grupo C, subgrupo C1, nivel 18, do Concello de Xermade.

Unha vez que se faga efectiva a toma de posesión dos aspirantes seleccionados, as prazas de auxiliar administrativo que ocupaban en orixe, quedarán automaticamente amortizadas.

O nomeamento como funcionarios dos aspirantes seleccionados será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica, así como no BOP e no DOG; e isto sen prexuízo da correspondente notificación aos interesados.

UNDÉCIMA.- NORMAIS FINAIS.

1. Para todo o non previsto nas presentes bases, o tribunal estará facultado para resolver e interpretar as dúbidas que se puideran presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables ao respecto.
2. Todas as referencias á Alcaldía contidas nas presentes bases entenderanse realizadas ao órgano municipal que, en cada momento, e por previsión legal ou delegación daquela, asuma idénticas competencias.
3. De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na devandita lei. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos persoais, na medida en que a lei o permita, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

DUODÉCIMA.- RECURSOS.

A resolución aprobatoria desta convocatoria e bases reguladoras, e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, así como das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, na forma e prazos establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa ou aquela outra normativa concordante vixente ao efecto.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Datos persoais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI: Acheга copia.
Data de nacemento:	Sexo: <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Enderezo:		
Concello:	Provincia:	Nacionalidade:	

EXPOÑO:

I. Que desexo participar na CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C1, NIVEL 18, DO CONCELLO DE XERMADE

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo, segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base 4 das bases reguladoras, a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade
- Certificación acreditativa de reunir os requisitos sinalado nos apartado a) e b) da base terceira, emitida pola secretaría municipal ou funcionario municipal competente ao efecto.
- Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación/documentación acreditativa de dita condición, e da súa compatibilidade coa funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, no apartado e) da base cuarta das bases reguladoras.

Si ____

Non ____

E solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo

Si ____

(achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas)

Non ____

- Relación dos méritos alegados (acompañada dos xustificantes ou documentos acreditativos dos mesmos), e presentados con arranxo a orde que se fixa na base oitava das bases reguladoras

Xermade, a de de 2023

ANEXO II.- TEMARIO

Tema 1: O municipio. Termo municipal.

Tema 2: Funcionamento dos órganos colegiados locais: convocatorias e ordes do día. Actas e certificacións de acordos.

Tema 3: Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 4: Os recursos administrativos: conceptos e clases.

Tema 5: Funcionamento electrónico do sector público. Sede electrónica. Sinatura electrónica, interoperabilidade e arquivo electrónico de documentos. Protección de datos.

Tema 6: Responsabilidade das autoridades e persoal o servizo da Administracións Públicas.

Tema 7: Da poboación e do padrón municipal. Da xestión do padrón municipal. Da comprobación, control e revisión do padrón municipal.

Tema 8: A actividade subvencional das entidades locais. Procedementos de concesión de subvencións. Xustificación de subvencións.

Tema 9: O orzamento das entidades locais. Elaboración e aprobación. Principios orzamentarios. A estrutura orzamentaria.

Tema 10: Estudo especial dos ingresos tributarios: impostos, taxas e contribucións especiais. Os prezos públicos.

Tema 11: A execución do orzamento de gastos e ingresos. As súas fases. Control e fiscalización.

Tema 12: A contabilidade das entidades locais: os modelos: normal, simplificado e básico. A Conta Xeral das entidades locais.

Tema 13: Réxime xeral das eleccións locais. Censo electoral.

Tema 14: Os empregados públicos: clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal: as relacións de postos de traballo.

Tema 15: A Lei 9/2017, de contratos do sector público. Delimitación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos.

Tema 16: Competencias en materia de contratación das entidades locais. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

Tema 17: Réxime urbanístico do solo. Clasificación e réxime das distintas clases de solo. Dereitos e deberes dos propietarios.

Tema 18: Intervención administrativa na edificación e uso do solo. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas.

Tema 19: O deber de conservación e declaración de ruina. Ordes de execución.

Tema 20: Disciplina urbanística. Reposición da legalidade. Infraccións e sancións urbanísticas."

Xermade, 12 de abril de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1088

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL**TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. DIRECCIÓN XERAL DE LUGO***Anuncio***Subasta pública para la enajenación de un inmueble**

Una vez autorizado por el Director General de la Tesorería General de la Seguridad Social, en fecha 5 de diciembre de 2022, la enajenación en pública subasta del inmueble (local comercial) sito en la calle Nicomedes Pastor Díaz nº 20 c/v a calle Doctor Rafael de Vega 10-18 de Lugo inscrita en el Registro de la Propiedad nº 1 de Lugo, con nº de finca 62070, al tomo 1073, libro 634, folio 193, inscripción 2ª.

El tipo de licitación para el inmueble es de ciento ochenta y dos mil doscientos cincuenta y un euros (182.251 €).

Garantía a constituir del 5% del tipo de licitación: Nueve mil ciento doce euros con cincuenta y cinco céntimos (9.112,55 €).

La admisión de ofertas en sobre cerrado deberá presentarse en la sede de esta Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social, sita en Ronda Músico Xosé Castiñeira 26-27002 Lugo, hasta las 14:00 horas del día 22 de mayo.

La subasta del inmueble relacionado se regirá por las cláusulas administrativas contenidas en el pliego de condiciones que se encuentra a disposición de los posibles licitadores en la Dirección Provincial de la TGSS de Lugo, **y en la página web:** www.seg-social.es.

El acto de subasta y la apertura de los sobres se celebrarán ante la Mesa constituida al efecto, el día 29 de mayo de 2023 a las 10.30 horas, en la sede la Dirección provincial de la TGSS, en Ronda Músico Xosé Castiñeira nº 26 de Lugo.

El inmueble podrá ser visitado previa concertación de cita en los teléfonos 982.29.33.42 /982.29.36.10 en horario de 9:00 a 13:00 horas.

Lugo, 31 de marzo de 2023.- El Director Provincial, Juan José Rodríguez Gude.

R. 1082

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/06967/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. José Fernández Núñez

Nombre del río o corriente: Un manantial

Punto localización: Torrón, Arieiras, parroquia de Esperante

Término municipal y provincia: Lugo, Lugo

Caudal concedido: 1 l/s

Destino: Uso industrial

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 12 de enero de 1998

Registro de Aguas: 7437, Sección A, en el Tomo 0075, hoja número 037

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas iniciado por este Organismo de cuenca por renuncia del titular de la concesión.. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

10 de abril de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1083

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/01563

PETICIONARIO : Jesús Ángel Cuesta Castro

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Torneiros (San Lourenzo)
LOCALIDAD : Torneiros (San Lourenzo)
TÉR. MUNICIPAL: Pol
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Vao de/Vao de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Torneiros (San Lourenzo)" - "Jesús Ángel Cuesta Castro", con un volumen máximo anual de 372 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta de desbaste.
- Separador de grasas.
- Planta de tratamiento.
- Arqueta para toma de muestras.
- Túnel de infiltración.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL,CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1084